

Referencias americanas

Coidada estrutura formal

ROMÁN RAÑA

O libro que agora teño nas mans, *Blues da crecente*, de Mario Regueira é, como mínimo, complexo. E non pola coidada estrutura formal que o rexe (e primeiro e o último poemas están postos na perspectiva dunha mesma personaxe que fala fechando así un círculo), nen sequer pola polifonía das voces que van falando nos poemas. A complexidade do volume emana certamente das referencias tácitas que se van ocultando e espallando ao longo dos textos constituíndo unha maraña de difícil acceso. Sobre todo porque esas alusións remiten a unha cultura norteamericana que, xa desde o título, vincula a acción a territorios lonxincuos.

Efectivamente, a estrutura tripartita da obra sitúa o contexto poemático na primeira e terceira partes en N. O. (New Orleans) e na sección central, "Estricnina", seguimos nos locais fronteirizos entre a degradación, a revolta e

a redención. Tamén os saltos temporais salpican as composicións. Como guía podemos comprobar que o

Storyville de que se fala no libro foi un distrito da cidade de Nova Orleáns, Luisiana, creado polo concelleiro Sidney Story como zona de prostitución tolerada entre 1897 e 1917. Precisamente esta permisividade fixo que proliferaran en bares, tabernas e prostibulos os músicos que amenizaban as veladas con ritmos novos e con nova música, feito capital para o nacemento do blues e do jazz.

O segundo escenario que aparece mencionado é o Congo Square, que é un espazo aberto onde hoxe se atopa o parque Louis Armstrong en Nova Orleáns. Nesta praza, na época colonial, permitiuse aos escravos reunirse o domingo, liberes de traballo, para

o seu lecer. Este feito foi fundamental para a historia da música afroamericana. Con estas dúas mencións básicas, o autor vai propondo voces con nome propio (Amanda, Paul, Marie) que se van alternando e nos van situando nun presente brumoso onde aparecen escravos, ritmos de danza, supersticións animistas, heroes da rebelión contra os colonizadores (Mackandal, o rebelde haitiano que instiga o levantamento contra os opresores utilizando a maxia ancestral), aforcados, represaliados, personaxes que bordean sempre os límites.

Mario Regueira constrúe os textos dun modo fragmentario intercalando en todos eles aquelas referencias necesarias para enfialos nunha narratividade lírica. Polo medio, xa dixeran, hai saltos temporais sen rede, localizacións ambiguas, espazos sen reconecer. Deste xeito podemos ler: "Ás veces é a saudade/o peso basculante das cousas nunca vistas/o son oco dos dentes triscando a mazá,/os longos serán coa pel a ferver/en serpes circulares de suor".

REGUEIRA, Mario, Blues da crecente, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP: 12 €

